



Un mozo poñía un manto vello cuberto, así á cabeza e todo, no medio da corte, e despois todo arredor da corte estaba un mozo cunha moza, cada mozo ca súa moza, cada i-un que lle gustaba millor-e collía a que lle parecía a el; non sabes? e entón viña outro perghuntarche:

“E uste está casadiña?”

“Tou si señor-e”

“E contentiña?”

“Moito millor-e”

Pois veu unha i-ordendo Santo Paparallo de Roma
que botes os seus olliños fóra e que escolla.

Entón tiñas que escoller outro, noutro mozo (e se cadra era o cortejado); o outro iba a estar como alí en diante onde aquel millo, escollías no que che parecía; dicía: Fulano de tal, Fulano. E viña correndo, o outro viña correndo pero despois así que acababa de decir así todas e empezaba cos mozos:

“E uste esta casadiño?”

“Tou si señor-e”

“E contentiño?”

“Moito millor-e”

Pois veu unha i-orden do Santo Paparallo de Roma
que botes os seus olliños fóra e que escolla.

E despois pedía os mozos ás mozas ¿sabes? E había un que estaba comigo e xa lle dicían “Venme pillar ó medio da corte”, chamábanlle a vella á moza que estaba alí. O mozo non che facía mal ningún, muller, pero se cadra botábache as maus e pillaban... deitábase na corte andaba a voltas e risas, pero ningunha muller lle gustaba, que non era coma hoxe, hoxe anque te tirasen no se che ven as pernas, porque hai faixas, hai braghas, hai todo, pero daquela non había nada... camisa e... había roupa de por riba pero non había cousa ningunha que tapase nada e se cadra vianchese as pernas. E decíalle eu, ao que estaba comigo, o que me chamaba: “Venme buscar ao medio da corte que te mato se non dame a vella unha ghaladura”, e el viña. Tiñamos que ir nós panda eles, as mozas e entón tiñas que pasar por onde a vella e viña a vella botábache os brazos e tiñalle un medo ao vella que nin ó demo e coma min os outros. E non che facía mal ningún, pero aquilo... por eso se lle daba a ghana ghindabate na corte, andaba a voltas á vista de todos e non ghustaba.

Nota de edición: transcríbese a parte final (noutra cor) directamente da gravación xa que non está incluída na letra recollida no Cancioneiro Popular Galego (V 50).